



GUÍA DOCENTE DE LECTURA A PRIMEIRA VISTA E TRANSPOSICIÓN I-IV (ACORDEÓN-PIANO)

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, do 29 de outubro)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: <i>LECTURA A PRIMEIRA VISTA E TRANSPOSICIÓN I-IV</i>										
ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN							ITINERARIOS	ACORDEÓN, PIANO	
CARÁCTER	OBRIGATORIA							TIPO DE CLASE	(Colectiva)	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1 H
ECTS/CUAD.	3	3	3	3	-	-	-	-	Observacións:	--

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Práctica da lectura a primeira vista. Desenvolvemento dos aspectos técnicos, da axilidade e automatismos necesarios para a comprensión e interpretación inmediatas dun texto musical. Práctica da transposición de textos musicais a diferentes tonalidades.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os mínimos esixibles para a proba de acceso, e correspondentes ó nivel de grao profesional.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Está directamente relacionada coas disciplinas instrumentais como Orquestra, Repertorio orquestral e Instrumento. Transversalmente vinculada ás disciplinas de Análise e Armonía e Contrapunto, ferramentas fundamentais para a comprensión e asimilación dos fragmentos a traballar.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI4, EI5, EI7, EI9
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Crear un hábito para que o alumno se familiarice na lectura e transporte a primeira vista, tanto de xeito individual como en grupo.	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24 EI1, EI2, EI4, EI5, EI7, EI9
Recoñecer a estrutura harmónica e motívica de obras ou fragmentos, así como a disposición formal, para determinar os aspectos esenciais das mesmas, como medio indispensable para unha lectura comprensiva que favoreza a repentización.	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24 EI1, EI2, EI4, EI5, EI7, EI9
Valorar a importancia dunha análise comprensiva previa á interpretación, sobre os elementos constitutivos e dificultades técnicas do fragmento ou obra para ler ou transportar.	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24 EI1, EI2, EI4, EI5, EI7, EI9
Comprender a importancia e posibles aplicacións na vida profesional da lectura a vista e o transporte.	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24 EI1, EI2, EI4, EI5, EI7, EI9



Desenvolver os reflexos necesarios para mellorar a capacidade de resposta ante posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación, sen parar o discurso musical.	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24 EI1, EI2, EI4, EI5, EI7, EI9
Desenvolver a habilidade de repentizar obras de dificultade progresiva, que permita perfeccionar a capacidade de automatismo e a velocidade de lectura, respetando na medida do posible o estilo, indicacións dinámicas, de tempo, etc.	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24 EI1, EI2, EI4, EI5, EI7, EI9
Coñecer a mecánica tradicional do transporte, e comprender o funcionamento dos instrumentos transpositores.	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24 EI1, EI2, EI4, EI5, EI7, EI9
Aplicar correctamente a mecánica do transporte sobre obras ou fragmentos, desenrolando axilidade na execución do mesmo, a calquera intervalo reflectido no apartado de contidos.	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24 EI1, EI2, EI4, EI5, EI7, EI9

4. CONTIDOS

Lectura a 1ª vista individualmente e en grupo, atendendo ás variantes estilísticas das obras a traballar
Variacións e/ou improvisacións sobre as obras ou fragmentos traballados
Recoñecemento dos elementos constitutivos dunha obra ou fragmento musical. Análise para unha lectura comprensiva.
Teoría e práctica do transporte a todos os intervalos X, M e m
Instrumentos transpositores
Transporte de estruturas harmónicas

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

Os métodos pedagóxicos adaptaranse ás características dos alumnos, favorecendo un ensino personalizado, promovendo a creatividade e o dinamismo, e fomentando a motivación. O fin último é lograr a independencia do alumno por medio do desenvolvemento da personalidade, e do criterio artístico. Partirase dos coñecementos previos, baseándose na aprendizaxe significativa e progresiva. Buscarase a relación coa práctica cotiá dos alumnos.

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases teóricas: explicación/repaso da teoría do transporte. Pautas básicas para afrontar a práctica do transporte e da lectura a primeira vista.	Presencial	Primeira clase do primeiro cuadrimestre, e esporádicamente ó longo de cada un deles
Práctica de aula, individual e colectiva: Traballo pomenorizado e desenvolvemento paralelo e uniforme dos contidos da disciplina, con apoio do docente a nivel expositivo e interpretativo.	Presencial	Permanente
Actividades de traballo autónomo: Adestramento persoal do alumno de todas as ferramentas achegadas polo docente na aula.	Non presencial	Permanente
Proba práctica. Avaliación dos coñecementos adquiridos	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua.
O/A alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, unha ordinaria e outra extraordinaria. No caso de perda da avaliación continua, o/a alumno/a acollerase ó disposto no apartado da avaliación alternativa que figure na programación docente da disciplina.
No caso dos/das alumnos/as que non perdan a avaliación continua, valorarase a asistencia ás clases, o seu aproveitamento e evolución, as destrezas acadadas, o nivel de comprensión dos contidos teóricos e prácticos, a produción creativa e a actitude na aula e no traballo diario.
Deberanse consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación, competencias avaliadas e ponderación nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA